

**PROGRAMACIÓN**

**ANUAL**

**DEPARTAMENTO**

**DE**

**ORIENTACIÓN**

**2022-2023**

## ÍNDICE

1-	Características do Centro	pax.3
2-	Principios básicos	pax.4
3-	Membros do Departamento	pax 4
4-	Obxectivos: -En relación ó profesorado. -En relación ó alumnado -En relación cos pais e nais. -Outros.	pax.5
5-	Tarefas	pax 10
6-	Calendario	pax 11
7-	Avaliación	pax 14

## 1-CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

O I.E.S. “XUNQUEIRA I ” está ubicado na zona do campus da cidade de Pontevedra. Están escolarizados un total de 663 alumnos/as distribuidos nas seguintes etapas educativas :

E.S.O:	16 grupos
BACHARELATO:	9 grupos
CICLO FORMATIVO:	2 grupos

As optativas ofertadas polo centro na ESO son:

### **No primeiro curso:**

- 2º Idioma extranxeiro

### **No segundo curso:**

- 2º Idioma extranxeiro
- Canto Coral

### **No terceiro curso:**

- 2ª lingua extranxeira
- Cultura clásica
- Oratoria
- Educación dixital

**No**

**cuarto**

**curso:**

- 2ª lingua estranxeira
- Cultura clásica
- Latín
- Economía
- Filosofía
- Música
- Educación plástica
- TIC
- Tecnoloxía
- Informática
- Bioloxía
- Física e Química

Seccións bilingües en inglés:

2º ESO en música,

3º ESO en Proxecto competencial,

4º ESO en valores éticos

Recursos do que podemos contar na zona:

- Servicios Sociais do Concello de Pontevedra
- Servicios Sociais do Concello de Poio
- Servicios Sociais do Concello de Campo Lameiro
- Equipo de prevención de drogodependencias.
- Cruz Vermella
- Fundación Secretariado Xitano
- Concellería de Benestar (Pontevedra)
- Concellería de Xuventude
- Unidade de Saúde Mental da Parda

Equipo de Orientación Específico de Pontevedra:

- Especialista en Sobredotación
- Especialista en Orientación vocacional e profesional.
- Especialista en trastornos xeralizados do desenvolvemento.
- Especialista en discapacidade sensorial.
- Especialista en discapacidade motora.
- Especialista en Trastornos de conduta

## 2-PRINCIPIOS BÁSICOS.

As intencións que rixen a elaboración da nosa programación, son:

- Adaptación da educación a cada alumno/a.
- Desenvolvemento do alumno/a como persoa.
- Cultivo da relación humana.
- Elección académico –profesional.
- Adquisición de valores
- Afianzamento das técnicas e hábitos de estudo.
- Adquisición das competencias básicas recollidas nos Decretos xx/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 3- MEMBROS DO DEPARTAMENTO.

O Departamento de Orientación está constituído polos seguintes profesores.

- ÁMBITO LINGÜÍSTICO –SOCIAL. TITORA DA ESO.  
ANA IRISO DELICADO
- ÁMBITO CIENTÍFICO-TÉCNICO. TITORA DA ESO:  
CLARA ALONSO RODRÍGUEZ
- PROFESORA DE PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA:  
M<sup>a</sup> JESÚS ABILLEIRA RODRÍGUEZ
- PROFESOR DE FOL:  
REBECA VÁZQUEZ NÚÑEZ
- XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:  
ANA MARÍA GONZÁLEZ CORREA  
Os reforzos os levan a cabo:
  - REBECA VÁZQUEZ NÚÑEZ
  - MATILDE FANDIÑO PERIANES
  - JOSE MANUEL JUSTO ACEVEDO
  - CLARA ALONSO RODRÍGUEZ

- FERNANDO PAZOS GARCÍA

#### 4-OBXECTIVOS:

##### **EN RELACIÓN CO PROFESORADO.**

**\*Elaborar , de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagógica,** as propostas para a revisión do plan de Orientación Académico Profesional e do Plan de Acción Titorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

Para cumprir estes obxectivos os membros do Departamento de Orientación teñen fixada no seu horario unha reunión mensual.

Para a elaboración do Plan de Orientación Académica e Profesional fixaranse reunións cos titores e titoras, Xefa de Estudos, para avalialas necesidades, e así poder orientar aos nosos alumnos/as de cara á optimización do proceso.

En canto ao desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, intentaremos facilitarlle ao profesorado o material que se considere necesario en cada un dos cursos e ciclos.

**\*Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa** nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.

Este obxectivo é moi ambicioso, aínda que é unha das principais funcións dun Departamento de Orientación.

Tentaremos sensibilizar ao profesorado da necesidade da utilización expresa destas técnicas, así como da avaliación da efectividade das mesmas.

As reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica deberían ser o vehículo transmisor de cara ás reunións de cada Departamento didáctico. O Claustro de profesores e profesoras e as reunións de avaliación deberán de manifestarse ao respecto.

**\*Participar na elaboración, seguimento e avaliación do proxecto educativo e curricular do Centro,** incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado

con NEE e nos principios de avaliación formativa, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

En canto aos proxectos educativo e curricular incidir nas modificacións que contempla o Decreto. Os alumnos/as con NEE,  
Alumnado con necesidades educativas especiais  
Alumnado con necesidades específicas de aprendizaxe  
Alumnado con altas capacidades intelectuais  
Alumnado de incorporación tardía  
Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar  
agruparémolos segundo a modalidade

Exención da segunda lingua estranxeira en 1º e 2º ESO.

Desdobres en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.

Reforzos nas diferentes materias segundo as necesidades en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.

En ambos casos a programación da aula será tarefa do profesorado da materia, seguindo as directrices e programación dos diferentes Departamentos e co apoio do Departamento de Orientación e o da profesora de Pedagogía terapéutica. Procurarase que as medidas sexan o máis normalizadas posible.

**Naqueles casos nos que se precise unha atención individualizada, previa petición dalgún membro da comunidade escolar, serán tratados de forma individual dende o departamento de Orientación.**

En tódolos casos intentaremos a colaboración coas familias.

**\*Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares de atención a diversidade** e tamén recursos que fomenten a tolerancia e convivencia no centro.

**\* Asesorar aos titores e titoras e ó profesorado en xeral na cumplimentación da documentación académica do alumnado,** en especial do que recibe medidas de atención a diversidade, proponendo modificación se fose necesario.

**\* Colaborar no deseño dos criterios de avaliación e promoción do alumnado.**

## EN RELACIÓN CO ALUMNADO

\* Diseñar accións encamiñadas á atención temperá, se é o caso, do seu alumnado e dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e alumnas.

Despois das primeiras sesións de clase cada titor na sesión de avaliación inicial terá que consultar aos distintos profesores e profesoras de cada unha das materias para así ter unha visión o máis ampla posible de todas e cada unha das dificultades que teñen os seus tutelados.

Unha vez que se teñan recollidos tódolos datos priorizaranse e organizaranse os casos para así poder prestarlles axuda desde o departamento e tamén desde cada unha das materias.

O departamento revisará os informes existentes para a detección de problemas ou previsión dos mesmos.

A recepción de pais e nais, con frecuencia é unha fonte de información para detectar situacións de risco. As titoras e titores, a profesora de P.T. e a xefa do Departamento de Orientación teñen no seu horario tempo de recepción para ós pais e nais.

Coidamos que para axudar a resolver estes problemas está a preavaliación que neste curso se realizará no mes de Outubro para a etapa de ESO.

\* Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e enfronta-los momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersonal.

O Departamento de Orientación contempla horas adicadas á atención do alumnado nas que se informará individualmente segundo as necesidades e os intereses de cadaquén.



De forma colectiva:

-1º, 2º e 3º da ESO teremos sesións con cada un dos grupos para axudalos neste paso educativo, e desde titoría traballaranse os aspectos máis relevantes.

-4º ESO a partir da 2ª avaliación teremos charlas destinadas a axudalos a elixir adecuadamente, para isto empregaremos: Programas de axuda para a toma de decisións e tamén programas de Orientación escolar e vocacional seguindo ás súas cualidades e preferencias.

Aplicación de baterías de intereses profesionais para axudar na elección.

Individualmente facilitaráselles información dependendo das súas características para que a elección do bacharelato ou ciclo formativo sexa a máis correcta.

-Bacharelato e Ciclos formativos: tentaremos coñecer as súas aspiracións e así poder facilitarlles a través de videos, conferencias, etc poñelos en contacto coa realidade na que se atopan para que poidan tomar decisións correctas. O alumnado cumplimenta unha ficha inicial que nos serve como referencia para facilitarlles a información e asesoramento que precisen.

Neste curso dende o departamento facilitaráselles axuda

a través de titoría ou de forma individual a determinados alumnos/as que precisan da mesma sobre todo a nivel de técnicas de estudio debido ás deficiencias que arrastran dende cursos anteriores.

\* Informa-lo alumnado dos recursos laborais e profesionais ao seu alcance e propoñe-la realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.

O departamento ten determinadas horas coincidentes coas titorías presenciais para facilitarlle ao alumnado de forma individual ou grupal, dependendo dos casos a maior información sobre estes recursos, empregando tódolos medios técnicos materiais e informáticos dos que dispoñemos.

\* Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

Cada profesor ou profesora, titor ou titora, cubrirá unha solicitude de valoración para así poder priorizar os casos. Despois de realizar o informe reuniranse tódolos implicados xunto coa

orientadora e a profesora de pedagogía terapéutica para poner en marcha as medidas de atención a diversidade que sexan precisas.

Se reforzarán as actuacións dirixidas á identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia en coordinación coas persoas titoras, as medidas e programas para a atención das mesmas así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa.

Prestarase especial atención á orientación vocacional e profesional do alumnado descubriendo e desenvolvendo as súas potencialidades para favorecer o proceso de toma de decisión.

Se coordinará na atención do alumnado con necesidades educativas ou con vulnerabilidade no coidado do seu benestar e na atención ás familias.

## **EN RELACIÓN COS PAIS E NAIS.**

\* **Promove-la cooperación entre o centro e as familias**, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconceito e da autoestima e no proceso de toma de decisións.

É moi importante o diálogo e o intercambio de informacións entre os dous grupos máis importantes que inciden na educación: profesorado e nais e pais, este diálogo vense facendo de xeito tradicional nas horas de tutoría.

Ao principiar o curso académico, será fundamental que, a xefa do departamento de orientación, a profesora de P.T., os titores e titoras da ESO e os profesores/as que queiran asistir manteñan unha reunión informativa cos pais e nais, co fin de establecer canles de comunicación e informarlles daqueles aspectos que como profesionais consideremos básicos para o bo funcionamento do curso escolar.

É fundamental a tarefa de mentalización de cara a subliñar a importancia do seu papel dentro do proceso de ensino-aprendizaxe.

\* **Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos.**

## **-OUTROS.**

\* **Coordinar xunto coas orientadoras dos centros adscritos** o tránsito de primaria a secundaria, así como a unificación de documentos de referencia.

\* **Asesorar a toda a comunidade educativa** sobre as posibilidades que ofrece o sistema formativo, facilitando a madurez vocacional e a toma de decisións do alumnado.

Tamén se confeccionarán por parte dos membros do Departamento de Orientación unhas carpetas para o alumnado de ESO e de BACHARELATO, nas que se recolla toda a información relevante para o seu futuro académico profesional.

\* Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.

Este é un obxectivo interesante sobre todo no que se refire a unha mutua colaboración, xa que dende os equipos necesitaremos toda a axuda que se nos poida proporcionar para que o noso traballo sexa efectivo.

\* **Participar no desenvolvemento das accións de orientación profesional** que, dentro do Plan Galego de Formación Profesional se establezan.

Dentro deste apartado faremos referencia aos CENTROS ADSCRITOS, e nos plantexamos os seguintes obxectivos:

Establece-las as liñas prioritarias de actuación para a elaboración do Plan de Orientación Académico Profesional e o Plan de Acción tutorial.

Colaborar coa persoa que é representante en cada centro da Orientación.

Aportar material bibliográfico para elaborar estratexias de intervención con alumnos/as con necesidades educativas especiais.

\***Deseñar a páxina web do Departamento de Orientación.**

Ao longo do curso continuarase completando o contido que dende o Departamento consideremos de especial relevancia para a información do alumnado e tamén do resto da Comunidade educativa.

## 5. TAREFAS

### a) De apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe:

O obxectivo fundamental que nos plantexamos, neste ámbito, é colaborar co profesorado na atención á diversidade dos/as alumnos/as, elaborando propostas para mellora-lo proceso de ensinanza –aprendizaxe da totalidade do alumnado.

### **1) Medidas preventivas: medidas de carácter xeral que están dirixidas a tódolos alumnos/as para a prevención e detección temperá dos problemas de aprendizaxe:**

\_Análise dos datos dos alumnos/as que cambian de etapa e dos alumnos/as novos no centro.

\_Avaliacións para coñecer o nivel de competencia curricular dos alumnos/as que o necesiten.

\_Aportar datos do alumnado para a avaliación inicial

\_Orientacións ao profesorado sobre: metodoloxías, criterios e procedementos de avaliación

### 2) Medidas de apoio ordinarias: intentaremos dar resposta ós problemas da aprendizaxe dentro do currículo ordinario:

\_Avaliación psicopedagóxica de algúns alumnos/as.

\_Asesoramento ó profesorado sobre actividades de recuperación e reforzo.

\_Organización e desenvolvemento actividades de reforzo.

\_Participación no seguimento destes alumnos/as.

### 3) Medidas de carácter extraordinario: serán medidas de carácter excepcional que se levarán a cabo con alumnos/as que presentan unha gran dificultade para acceder ó currículo que lle corresponde por idade e curso escolar.

### **b) Referidas ó plano de acción tutorial.**

A acción titorial instrumentalízase por medio do Plan de acción titorial que é o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías. Nel recóllense as liñas de actuación dos titores/as co alumnado de cada grupo, cos profesores/as e coas familias.

### **c) Referidas ó plano de orientación académico-profesional:**

Entendemos a orientación académica e profesional como un proceso que se desenvolve durante toda a Educación Secundaria e que ten especial importancia:

## 6. CALENDARIO DE ACTUACIÓNS PREVISTAS

### **1º TRIMESTRE**

*Liñas propostas:*

\*Deseñar e aplicar programas de intervención específicos.

\*Promover a cooperación entre a familia e o centro.

\*Facilitarlle ao alumnado o apoio necesario para resolver conflitos de relación interpersonal.

\*Aplicar o plan de acción titorial.

\*Deseñar medidas de atención á diversidade.

*Actuacións:*

\*Organiza-los reforzos das diferentes materias e os apoios necesarios.

\*Comunicación destes ás familias.

\*Organizar os apoios que prestará a profesora de P.T.

\*Participación na comisión de coordinación pedagóxica para ver a conveniencia de completar o proxecto curricular do centro.

\*Reunións para planificar nos centros adscritos as liñas de actuación.

\*Facilitarlles aos titores/as material con actividades para levar a cabo o plan de acción tutorial.

\*Organizar entrevistas coas familias.

\*Estudia-los casos específicos nos que o profesorado, pais ou titores soliciten unha intervención específica tanto no propio centro como nos centros adscritos.

## **2º TRIMESTRE**

*Liñas prioritarias:*

\*Promover a cooperación entre a familia e o centro.

Programa Querote +, en 3º ESO

Charlas de saúde sexual impartidas pola Cruz Vermella

Obradoiros de prevención de conductas adictivas en colaboración co Concello de Pontevedra, de 1º a 4º ESO

\*Facilitarlle ao alumnado o apoio necesario para resolver conflitos de relación interpersonal.

\*Aplicar o plan de acción tutorial.

\*Deseñar medidas de atención á diversidade.

*Actuacións:*

\*Analizar os resultados da 1ª avaliación.

\*Deseñar e desenvolver programas específicos dentro das titorías propoñéndollelo anteriormente ós titores.

\*Observar periodicamente co profesorado que ten alumnos en apoio se se van cumprindo os obxectivos previstos.

\*Revisar coa profesora de P.T. os apoios que se están a realizar.

\*Deseñar programas de actuación tanto no propio centro como nos adscritos para aqueles alumnos/as aos que se lles realizou unha avaliación psicopedagóxica.

\*Recoller suxerencias de tódolos sectores implicados no proceso educativo sobre outras tarefas a realizar por este departamento.

### **3º TRIMESTRE**

#### *Liñas prioritarias:*

\*Promover a cooperación entre a familia e o centro.

\*Deseñar e aplicar programas de intervención específicos.

\*Facilitarlle ao alumnado o apoio necesario para resolver conflitos de relación interpersonal.

\*Aplicar o plan de acción tutorial...

\*Avaliar o plan de orientación aplicado no IES contando coas aportacións críticas do propio instituto.

#### *Actuacións:*

\*Analizar os resultados da 2ª avaliación.

\*Reunións coas familias por niveis educativos.

\*Deseñar e desenvolver actividades específicas dentro das titorías propoñéndollelo anteriormente aos tutores/as.

\*Observar periodicamente co profesorado que ten alumnos en apoio se se van cumprindo os obxectivos previstos.

\*Revisar coa profesora de P.T. os apoios que se están a realizar.

\*Revisa-los programas de actuación tanto no propio centro como nos adscritos para aqueles alumnos/as que se lles realizou avaliación psicopedagóxica.

\*Recoller suxerencias de tódolos sectores implicados no proceso educativo sobre outras tarefas a realzar por este departamento

\*Dar información detallada aos alumnos/as de bacharelato para prepararse para a realización da selectividade.

\*Dar información detallada aos alumnos/as de bacharelato e de 4º da ESO e Ciclos en canto ás saídas académicas e profesionais que teñen.

Charlas de Educación Afectivo-Sexual a todos os grupos de ESO, a través da Concellería de Benestar Social.

\*Preparación e planificación da diversificación curricular e dos Programas de cualificación profesional inicial cara o vindeiro curso.

\*Proposta de revisión do plan de acción tutorial.

\*Recollida de propostas a través da comisión de coordinación pedagóxica para realiza-lo plan de orientación académico – profesional.

\*Enviar os documentos oportunos a Inspección educativa e realización da memoria do departamento.

O desenrolo destas actividades estarán pendentos da evolución da pandemia da Covid 19.

## 7. AVALIACIÓN.

Realizarase en tódalas súas fases (inicial, procesual e final), por parte dos distintos axentes que participan de forma directa ou indirecta.

Tanto a avaliación como o seguimento da programación farase poñendo en común a información valorativa que proveña dos catro ámbitos de actuación:



\*Das familias: grao de satisfacción en canto á claridade da información recibida, o nivel de comunicación, a acción educativa do centro, a acción titorial, etc.

\*Dos alumnos e alumnas: Calidade da atención recibida, utilidade dos programas, comunicación co profesorado, etc.

\*Do profesorado:

- A idoneidade do PAT.
- Adecuación dos obxectivos previstos para as diferentes actuacións e o nivel en que son compartidos polo profesorado.
- De todo isto sacaremos as suxerencias que nos permitan modificar aqueles obxectivos que consideremos que non estean á altura das expectativas previstas.

Pontevedra 22 de setembro de 2022

Xefa do Departamento de Orientación.

Asdo.: Ana María González Correa



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO DE EDUCACIÓN  
SECUNDARIA  
A XUNQUEIRA I



Alexandre Bóveda s/n  
36005 Pontevedra  
Tfno.- 886159721



Xacobeo 21-22



Fondo Social Europeo  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

galicia